

ACTA NÚMERO: 21/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 5 DE XUÑO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 5 de xuño de 2025 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 29 de maio de 2025 (Reunión 20/2025).*
2. *Dar conta da oferta presentada por Patrice Warrener, no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do "Servizo de deseño, produción e exhibición pública dun espectáculo de iluminación policromada do artista Patrice Warrener e a súa proxección sobre a fachada frontal da Igrexa da Peregrina de Pontevedra, no marco da 32ª edición da Bienal de Pontevedra". (Expte.- 2025006161).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial Galaxia, S.A., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación da publicación facsimilar da obra "Os vellos non deben namorarse" de Alfonso R. Castelao. (Expte.- 2025015214).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do proxecto de transformación dixital e a modernización para levar a cabo o censo de vivendas das entidades locais destinado aos municipios da provincia de Pontevedra + RUEIRO, financiado con fondos PRTR. (Expte.- 2024082688)*
5. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución parcial da rede de evacuación das augas pluviais do Centro de Vacacións de A Lanzada". (Expte.- 2022043081).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Instalación dos sistemas de seguridade anticaídas, acceso e tránsito seguro na cuberta do Pazo Provincial". (Expte.- 2023049633).*
7. *Aprobación das valoracións técnicas do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024043090).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á proposta avaliable mediante criterios automáticos do procedemento convocado para a contratación do Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024043090).*
9. *Apertura electrónica sobre A correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do subministro de instalacións e iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións en proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico, programa DUS 5000. (Expte.- 2025005763).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do subministro de instalacións e iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións en proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico, programa DUS 5000. (Expte.- 2025005763).*

FORA DA ORDE DO DÍA.-Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do subministro de instalacións e iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións en proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico, programa DUS 5000. (Expte.- 2025005763).



Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Carlos Cuadrado Romy, Secretario da Deputación e Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 29 de maio de 2025 (Reunión 20/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 29 de maio de 2025 (Reunión 20/2025).

2. Dar conta da oferta presentada por Patrice Warrener, no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do "Servizo de deseño, produción e exhibición pública dun espectáculo de iluminación policromada do artista Patrice Warrener e a súa proxección sobre a fachada frontal da Igrexa da Peregrina de Pontevedra, no marco da 32ª edición da Bienal de Pontevedra". (Expte.- 2025006161).

Por Resolución Presidencial número 2025003861 de data 13/05/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do "Servizo de deseño, produción e exhibición pública dun espectáculo de iluminación policromada do artista Patrice Warrener e a súa proxección sobre a fachada frontal da Igrexa da Peregrina de Pontevedra, no marco da 32ª edición da Bienal de Pontevedra."

Na citada resolución tamén se acorda invitar a Patrice Warrener (P.P. 24IE97127) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación.

Patrice Warrener (P.P. 24IE97127) presentou a proposición con data 19/05/2025, e unha vez examinada a documentación, resultou admitido no procedemento. A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	47.500,00 €
IVE (21 %)	9.975,00 €
Importe ofertado con IVE	57.475,00 €

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada por Patrice Warrener (P.P. 24IE97127) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade



tramitado para contratación do “Servizo de deseño, produción e exhibición pública dun espectáculo de iluminación policromada do artista Patrice Warrener e a súa proxección sobre a fachada frontal da Igrexa da Peregrina de Pontevedra, no marco da 32ª edición da Bienal de Pontevedra.”

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial Galaxia, S.A., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación da publicación facsimilar da obra "Os vellos non deben namorarse" de Alfonso R. Castelao. (Expte.- 2025015214).*

Por Resolución Presidencial número 2025004012, de data 06/05/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da publicación facsimilar da obra “Os vellos non deben namorarse” de Daniel R. Castelao con Editorial Galaxia, S.A. (A36603314), pola cantidade máxima de 29.690,00 €, IVE engadido.

Na citada Resolución, acordouse invitar a Editorial Galaxia, S.A. (A36603314) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 20/05/2025.

Editorial Galaxia, S.A. presentou oferta, e con data 28/05/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola Editorial Galaxia, S.A. foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	28.548,08 €
IVE (21 %)	1.141,92 €
Importe ofertado con IVE	29.690,00 €

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada por Editorial Galaxia, S.A. no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de publicación do facsimilar da obra “Os vellos non deben namorarse” de Daniel Rodríguez Castelao.

4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do proxecto de transformación dixital e a modernización para levar a cabo o censo de vivendas das entidades locais destinado aos municipios da provincia de Pontevedra + RUEIRO, financiado con fondos PRTR. (Expte.- 2024082688).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno do día 28 de marzo de 2025 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, servizo de execución do proxecto de transformación dixital e a



modernización para levar a cabo o censo de vivendas das entidades locais destinado aos municipios da provincia de Pontevedra + RUEIRO, financiado con fondos PRTR.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 1-04-2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2-04-2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 8/05/2025 procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentada polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

-PROYESTEGAL S.L.(B27159730) e INGENIERIA IN SITU S.L.U. (B27715309) co compromiso de constituirse en UTE.

-AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U, (B-41632332).

Na reunión do día 1 de abril de 2025 tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordouse trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Cooperacion para a súa valoración.

Recibido informe (csv D38NS7JJQXOH2Z3Z) emitido polo Enxeñeiro do servizo de Cooperación, Alejandro Marín Gómez Nieves, con data 16/05/2025 a Mesa de Contratación, na sesión do día 22/05/2025 prestou conformidade ás puntuacións acadadas en base ó citado informe, e procedeu á apertura electrónica do sobre “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas son os seguintes:

AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U.

1.- Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE:	497.074,85 €
IVE (21 %):	104.385,72 €
Importe total ofertado:	601.460,57 €

Nota: O importe ofertado sen iva non pode ser superior a 1.239.669,42 €

2.- Ampliación do período de soporte.

Criterio



A empresa oferta a ampliación do período de soporte de conformidade coas condicións establecidas na cláusula 10.2 do presente prego.	SI ☐
	NON ☐

Nota: sinalar cun X a opción elixida.

3.-Formación presencial de técnicos municipais.

Criterio	
A empresa oferta a formación presencial de técnicos municipais cos seguintes requisitos:	SI ☒
- -Duración mínima de 1 xornada de polo menos dúas horas por cada un dos concellos incluídos no proxecto.	NON ☐
- -A celebración das mesmas axustarase as datas e lugar propostos polos responsables municipais.	

Nota: sinalar cun X a opción elixida

4.-.-Experiencia da persoa directora en dirección de proxectos de compoñente SIG cun modelo de datos alfanumérico.

Criterio	Nº proxectos ofertados (Entre 1 e 6 proxectos)
Nº de proxectos acreditados pola persoa proposta como directora en dirección de proxectos de compoñente SIG cun modelo de datos alfanumérico	6

Nota: O valor a ofertar refírese a totalidade de proxectos acreditados e non os ofertados a maiores do mínimo.

No caso de ofertar este criterio debera achegarse xunto co Anexo I a documentación acreditativa que se especifica na cláusula 8. d) do presente prego. No caso de non achegar a documentación acreditativa ou que esta non acredite o cumprimento dos requisitos esixidos o criterio non será valorado

5.-Dispoñibilidade de cuadro de mandos tipo BI, ata un máximo de 5 puntos.

Criterio	
A empresa oferta a dispoñibilidade de cuadro de mandos tipo BI de conformidade coas condicións establecidas na cláusula 10.2 do presente prego.	SI ☒
	NON ☐

Nota: sinalar cun X a opción elixida



6.-Capacidade de publicación de servizos xeográficos segundo o estándar OGC (Open Geospatial Consortium), ata un máximo de 5 puntos

Criterio		
A empresa oferta a capacidade de publicación de servizos xeográficos segundo o estándar OGC (Open Geospatial Consortium), de conformidade coas condicións establecidas na cláusula 10.2 do presente prego.	SI	☒
	NON	☐

Nota: sinalar cun X a opción elixida

7.-Desenvolvemento de xornadas, ata un máximo de 5 puntos

Criterio		
A empresa oferta o desenvolvemento de xornadas de conformidade coas condicións establecidas na cláusula 10.2 do presente prego.	SI	☒
	NON	☐

PROYESTEGAL INGENIERIA INSITU S.L.U. (compromiso de constituirse en UTE)

1.- Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE:	1.239.000,00 €
IVE (21 %):	260.190,00 €
Importe total ofertado:	1.499.190,00 €

Nota: O importe ofertado sen iva non pode ser superior a 1.239.669,42 €

2.- Ampliación do período de soporte.

Criterio		
A empresa oferta a ampliación do período de soporte de conformidade coas condicións establecidas na cláusula 10.2 do presente prego.	SI	☒
	NON	☐

Nota: sinalar cun X a opción elixida.

3.-Formación presencial de técnicos municipais.



Criterio	
A empresa oferta a formación presencial de técnicos municipais cos seguintes requisitos:	SI ☒
- -Duración mínima de 1 xornada de polo menos dúas horas por cada un dos concellos incluídos no proxecto.	NON ☐
- -A celebración das mesmas axustarase as datas e lugar propostos polos responsables municipais.	

Nota: sinalar cun X a opción elixida

4.- .-Experiencia da persoa directora en dirección de proxectos de compoñente SIG cun modelo de datos alfanumérico.

Criterio	Nº proxectos ofertados (Entre 1 e 6 proxectos)
Nº de proxectos acreditados pola persoa proposta como directora en dirección de proxectos de compoñente SIG cun modelo de datos alfanumérico	6

Nota: O valor a ofertar refírese a totalidade de proxectos acreditados e non os ofertados a maiores do mínimo.

No caso de ofertar este criterio debera achegarse xunto co Anexo I a documentación acreditativa que se especifica na cláusula 8. d) do presente prego. No caso de non achegar a documentación acreditativa ou que esta non acredite o cumprimento dos requisitos esixidos o criterio non será valorado

5.-Dispoñibilidade de cuadro de mandos tipo BI, ata un máximo de 5 puntos.

Criterio	
A empresa oferta a dispoñibilidade de cuadro de mandos tipo BI de conformidade coas condicións establecidas na cláusula 10.2 do presente prego.	SI ☒
	NON ☐

Nota: sinalar cun X a opción elixida

6.-Capacidade de publicación de servizos xeográficos segundo o estándar OGC (Open Geospatial Consortium), ata un máximo de 5 puntos

Criterio



A empresa oferta a capacidade de publicación de servizos xeográficos segundo o estándar OGC (Open Geospatial Consortium), de conformidade coas condicións establecidas na cláusula 10.2 do presente prego.	SI	☒
	NON	☐

Nota: sinalar cun X a opción elixida

7.-Desenvolvemento de xornadas, ata un máximo de 5 puntos

Criterio		
A empresa oferta o desenvolvemento de xornadas de conformidade coas condicións establecidas na cláusula 10.2 do presente prego.	SI	☒
	NON	☐

A Mesa comprobou que a empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. atópabase en baixa temeraria en canto ao prezo ofertado, polo requiríuselle para que no prazo de 5 días hábiles achegara a xustificación da baixa.

En data 30/05/2025 REX_WEB2025041620, achegou a xustificación da baixa e emítese informe polo xefe de Sección de Proxectos do Servicio de Cooperación, Alejandro Marín Gómez Nieves, co csv VGJERQH987RQTDIG, e no que se conclúe o seguinte:

“Unha vez analizado o informe de xustificación da oferta económica presentada pola empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U, e segundo os motivos expostos:

- Consideración da viabilidade na composición do equipo de traballo proposto: A redución considerada polo ofertante de 38 a 12 recursos estimados pode comprometer a correcta execución do servizo.*
- Consideración da dedicación obrigada: Non se cumpre a condición de dedicación plena ao proxecto da persoa directora do proxecto nin das 5 persoas técnicas redactoras.*
- Consideración de partidas non incluídas na xustificación: Non se inclúe a partida de Material de información e publicidade a ser xerado coa prestación do servizo na xustificación.*
- Dedicacións específicas en fases executivas, exemplificada no Fito A7: Non se considera a transferencia de coñecemento presencial durante 4 días en 59 concellos sen comprometer a correcta execución e calidade do servizo.*
- Consideración da falta de desagregación económica.*

A xustificación baséase en argumentos de carácter cualitativo sen unha documentación técnica verificable nin dunha desagregación económica suficientemente detallada que permita validar a viabilidade real do orzamento ofertado.

*E resumo, considérase que **NON se xustifica de forma correcta a oferta económica anormalmente baixa (baixa temeraria) presentada pola mesma, e propónse á mesa de contratación que non sexa tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.***



Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a puntuación que obtén a empresa PROYESTEGAL INGENIERIA IN SITU no sobre C é de: 40,081 puntos.

As puntuación totais do sobre B máis o sobre C son as seguintes:

TOTAL PUNTUACION B <i>(Ata un máx. de 30 puntos)</i>	30,000
TOTAL PUNTUACION C <i>(Ata un máx. de 70 puntos)</i>	40,081
TOTAL B+C	70,081

A Mesa de contratación acorda:

1.- Propor ao órgano de contratación excluír a empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. en base ao informe do xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Cooperación, Alejandro Marín Gómez Nieves, co csv VGJERQH987RQTDIG.

2.-Aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para a contratación do referido servizo, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Sobre B <i>(Máx. 30 puntos)</i>	Sobre C <i>(Máx. 70 puntos)</i>	Puntuación total
1ª	UTE PROYESTEGAL INGENIERIA INSITU S.L.U.	30	40,081	70,081

A Mesa comproba que as empresas que forman parte da UTE atópanse inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Ditos certificados acreditan, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

3.- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, a UTE PROYESTEGAL INGENIERIA INSITU S.L.U., polos eprezos e valores ofertados por dita empresa .

5. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución parcial da rede de evacuación das augas pluviais do Centro de Vacacións de A Lanzada". (Expte.- 2022043081).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Substitución parcial da rede de evacuación das augas pluviais do Centro de Vacacións de A Lanzada” cun orzamento base de licitación de 32.077,02 € IVE incluído. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- MONCOSA OHS, S.A.
- NAROM, S.L.
- RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
MONCOSA OHS, S.A.	24.100,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	26.446,28 €	1,00%	36 MESES	SI	SI
RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L.	21.396,25 €	1,00%	12 MESES	NO	NO

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas, obtendo as empresas admitidas a seguinte puntuación:

LICITADORES	SOBRE"UNICO"				PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	



MONCOSA OHS, S.A.	38,49	10,00	10,00	5,00	63,49
NAROM, S.L.	1,02	0,00	10,00	5,00	16,02
RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L.	72,85	0,00	0,00	0,00	72,85

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “*Substitución parcial da rede de evacuación das augas pluviais do Centro de Vacacións de A Lanzada*” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L.	72,85
2	MONCOSA OHS, S.A.	63,49
3	NAROM, S.L.	16,02

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Substitución parcial da rede de evacuación das augas pluviais do Centro de Vacacións de A Lanzada*” á empresa OBRAS Y TRANSPORTE S.L (CIF B36501872), por un importe de 25.889,47 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado21.396,25 €

IVE (21%)4.493,21 €

Importe Total 25.889,47 €

A Mesa de Contratación comprobou que a empresa RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTES, SL (CIF B36501872), figura inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (nº 6806), acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa. RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTES, SL (CIF B36501872), mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento a seguinte documentación:



- a) Compromiso da ou do licitador de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes.
- b) Acreditación da solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, eses porcentaxe deberá reflectirse, por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil

- c) Acreditación da solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

- Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- d) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 1.069,66 €



6. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Instalación dos sistemas de seguridade anticaídas, acceso e tránsito seguro na cuberta do Pazo Provincial". (Expte.- 2023049633).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025003402 de data 2 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Instalación dos sistemas de seguridade anticaídas, acceso e tránsito seguro na cuberta do Pazo Provincial*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de abril de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

